

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente de contratación nº: AL-CEI-39/2018

Obxecto do contrato: Aluguer do local 39 do Edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia

Mesa de contratación:

- Presidente: Ricardo Capilla Pueyo
- Presidenta suplente: Sabela Bouzo Estévez
- Secretaria: Noemi Lorenzo Carbajales
- Secretaria suplente: Isabel Soto Amigo
- Vogais: María Luisa Pena Nieto, Antonio Gómez Méndez, Beatriz Monfort Liniers e Beatriz González-Tejada Jácome.
- Vogais suplentes: Edita Araceli Alonso Correa e Rogelio Solarat López

Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto Data de publicación do anuncio: 18/06/2018

Prazo de presentación de ofertas: ata 03/07/2019

Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentouse en prazo unha única proposición, da entidade ACCIONA CONSTRUCCIÓN S.A.

Segundo.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O único criterio de valoración que establece o Prego é o do prezo, adxudicándose á proposta que cumprindo os criterios de admisión achegue o prezo maior, tal e como se transcribe a continuación:

"O contrato adxudicarase a aquela oferta cuxo importe sexa maior sempre e cando alcance o Prezo base de licitación indicado no punto 5.1 do cadro de características do presente Prego.

Serán excluídas as propostas de entidades aquelas que non cumpran os criterios de admisión do Parque Tecnolóxico de Galicia que se describen no Anexo II.

En caso de que dúas ofertas presenten o mesmo prezo o contrato adxudicarase por sorteo.

En caso de que o concurso se declare deserto, PTG, S.A. poderá proceder á adxudicación directa do contrato de aluguer durante o ano posterior á declaración de deserto.."

Terceiro.- VALORACIÓN DA OFERTA ADMITIDA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A Mesa de contratación comprobou que a única oferta presentada cumpre os requisitos e que propón un prezo igual ao prezo base de licitación, polo que a oferta presentada por ACCIONA CONSTRUCCIÓN S.A. foi admitida.

En vista da única proposta presentada e comprobado que cumpre cos requisitos establecidos nos correspondentes Pregos, a Mesa acordou propoñer a adxudicación do contrato para o aluguer do local 39 do edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia, expediente AL-CEI-39/2018, a ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.

Quinto.- En data 7 de febreiro de 2019 comunicóuselle a ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. a proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles, para aportar a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como aquela acreditativa de todos os extremos esixidos no prego e respecto dos que o licitador presentara unha declaración responsable, ademais de presentar a garantía definitiva correspondente en concepto de fianza por importe de dúas mensualidades de aluguer, IVE excluído.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

RESOLVE:

- 1) Adxudicar a ACCIONA CONSTRUCCIÓN S.A. con NIF A81638108o aluguer do local 39 do edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia, expediente AL-CEI-39/2018, conforme á súa oferta económica, por un importe de 223,25 €/mes, IVE non incluído, con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Técnicas que rexen a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante da web www.tecnopole.es e notificar esta adxudicación á adxudicataria e única licitadora.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución á licitadora.

San Cibrao das Viñas 20 de febreiro de 2019.


tecnópole
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Asdo. Patricia Argerey Vilar

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.